



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra)Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



FOGUEIRAS DE SAN XOAN 2023 **MEDIDAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO**

- Só poderán facerse as fogueiras que fosen previamente comunicadas no Concello e que se atopen en terreos particulares localizados en solo urbano ou en solo de núcleo rural.
- *A persoa responsable da fogueira* deberá ter un teléfono móbil dispoñible en todo momento durante a celebración da fogueira.
- Teléfonos de emerxencias:
 - 012 (Emerxencias)
 - 085 (lumes forestais)
 - 661.64.14.79 (Protección Civil do Concello).
- Queda prohibido realizar fogueiras no monte. Non se poderá prender lume preto de masas forestais ou matogueiras.
- As fogueiras terán que distar un mínimo de 6 metros de radio por cada metro de altura de combustible a construcións/edificacións, mobiliario urbano, tendidos eléctricos, telefónicos ou vehículos. Especial atención e non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como de que nos arredores non exista ningún local ou almacén con produtos inflamables.
- Deberase contar cun medio de extinción do lume axeitado ás dimensións da fogueira (caldeiros de auga, area, extintores, manguera de auga, etc). Non se abandonará a vixilancia da zona da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado e asegurado antes de marcharse.
- Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente se é un día de vento. Asemade, se iniciado o lume se producise a aparición de vento intenso, procederase a apagalo.
- Está prohibida a queima de todo tipo de residuos en cuxa composición interveña o plástico, colchóns, rodas, latas, vidro, PVC, aerosois, aceites, produtos inflamables ou explosivos... e en xeral, calquera sustancia que ao arder desprenda gases ou fumes tóxicos.